

luvas
VERDES



Luvás Verdes constitúese na primavera de 2001 como cuarteto de música tradicional integrado por Pedro Lamas e Daniel Bellón (gaitas) e Pepe Montero e Melo Suárez (tamboril e bombo). Máis dunha vintena de premios no seu haber acadados nos máis prestixiosos certames de música tradicional fan de Luvás Verdes o cuarteto de gaitas máis laureado da historia de Galicia:

- 1º premio no Concurso Rexional de Gaitas de Ponteareas (2001, 2002 e 2003).
- 1º premio no Concurso de Cuartetos de Música Tradicional de Sanxenxo, Pontevedra (2001, 2002 e 2003).
- 1º premio no Memorial Manuel Texo de Vedra, A Coruña (2002 e 2004).
- 1º premio no Concurso de Música Tradicional 'Xiradela' en Arteixo, A Coruña (2002 e 2003).
- 1º premio no Concurso de Cuartetos e Quintetos Tradicionais 'Gaita do País' en Sarria, Lugo (2002 e 2003).
- 1º premio no Concurso de Cuartetos e Quintetos 'Memorial Ricardo Portela' en Pontevedra. (2003).

No 2002 son invitados a participar no XXXII Festival Intercéltico de Lorient e participan na recreación en directo da banda sonora da película 'La Casa de la Troya' (Alejandro Pérez Lugín-Manuel Noriega, 1924) en distintas cidades españolas, co motivo da súa restauración no 2003 pola Filmoteca Española e o Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI).

O cuarteto de música tradicional máis laureado de Galicia volve á escena

luvas VERDES

HISTORIA



Posúe un dos curriculums máis importantes do mundo da música tradicional en Galicia. Fórmase no seo da Banda de Gaitas 'Airiños de Fene', e con tan só 22 anos conta coa meirande parte dos galardóns existentes, desenvolvendo un importante labor como concertista en solitario así como de mestre gaiteiro en toda a xeografía galega e española.


Gañador do 'Constantino Bellón' (2001, 2005 e 2006), do 'Gaiteiro de Soutelo' (2002, 2004, 2005 e 2006), do 'Trophée Macallan' (Lorient, 2003), é o gaiteiro máis laureado da historia de Galicia. Dende o 2005 forma parte xunto a Diego Maceiras do dúo de gaita e acordeón Bellón-Maceiras, co que publica o disco "Unión das Terras" despois dun 2006 triunfal: gañadores do certame Radio Obradoiro, no certame para grupos noveles Runas do Festival de Ortigueira, e con máis de 40 concertos ás súas costas.

luvas VERDES

DANIEL BELLÓN

(Fene, 1985)

*O cuarteto de música tradicional
máis laureado de Galicia volve á escena*



Membro fundador do prestixioso grupo de música tradicional 'Lelia Doura', posúe numerosos galardóns como gaiteiro solista e director artístico. Compositor e arranxista de recoñecido prestixio, compaxina a súa faceta como músico coa de mestre en distintas entidades públicas e privadas, colaborando en invitacións puntuais como conferenciante (Festival de Lorient, 2002) ou membro do xurado (Tropheé Macallan, 2002). Na actualidade forma parte tamén da Orquestra de Antón Seijo como intérprete solista, da Compañía 'Nova Galega de Danza', da que é coautor da música orixinal do espectáculo de presentación da mesma ('Alento', 2003), que resultou finalista na categoría de espectáculo revelación na última edición dos Premios Max (2005), e da nova proposta 'Engado' (2006), coa que segue de xira. No 2007 comeza a andaina co trío Vaamonde, Lamas e Romero e colabora no novo traballo de Xabier Díaz 'Coplas para Icía'.

luvas
VERDES

PEDRO LAMAS

(Cecebre, 1978)

*O cuarteto de música tradicional
máis laureado de Galicia volve á escena*



Fandango desesperado (NGD Música, 2005) é o primeiro traballo publicado por Luvas Verdes. Neste traballo recollen unha parte significativa da labourea que levan realizando nos últimos anos e que supuxo a súa consolidación como o cuarteto de música tradicional máis laureado de Galicia. En palabras de Álvaro Seivane: “trátase dun traballo que sentará precedente” e Xosé Lois Romero (Director Musical da Compañía ‘Nova Galega de Danza’): “é dende xa, un clásico da discografía galega”.

O disco inclúe todos os temas compostos polo grupo cos que acadaron os galardóns máis prestixiosos nos certames de música tradicional e conta coa colaboración de Agustín Sánchez e Antía Barreiro (gaita e percusión) e Xabier Díaz (voz).

O cuarteto de música tradicional máis laureado de Galicia volve á escena

luvas
VERDES

FANDANGO DESESPERADO



- El Ideal Gallego: "Dúas gaitas dispostas a dar guerra".
- La Opinión: "De profesión, gaiteiro".
- La Voz de Galicia: "Regresa á escena o grupo tradicional galego máis premiado da historia".
- El País: "Luvas Verdes regresa para levar a gaita fora de Galicia".
- Galicia Hoxe: "O grupo Luvas Verdes reivindicase capaz de recuperar o folk patrio".
- Diario de Ferrol: "Os gaiteiros de Luvas Verdes regresan dispostos a dar moita guerra".
- Lecer Galicia-Hoxe: "Luvas Verdes, novos folgos e proxectos".
- Tierra Folk: "Daniel Bellón y Pedro Lamas retoman Luvas Verdes".
- Akelarre Folk: "Daniel Bellón y Pedro Lamas retoman en este 2007 el proyecto de Luvas Verdes".

Abril 2007

O cuarteto de música tradicional máis laureado de Galicia volve á escena

luvas verdes

¿QUE DIXO A PRENSA DA VOLTA DE LUVAS VERDES?



Daniel Bellón e Pedro Lamas retoman o traballo iniciado no 2001 para volver non só como grupo senón para levar esta proposta tamén ao ámbito do ensino a través de cursos, recuperación de repertorio tradicional e outras innovacións. Nesta nova andaina están acompañados por colaboradores da talla de Suso Vaamonde, Xosé Lois Romero, Xabier Díaz e Agustín Sánchez entre outros.

A finais de ano o grupo agarda presentar o seu segundo traballo discográfico que será unha revisión do repertorio popularizado pola desaparecida formación Lelia Doura.

CONTACTO E CONTRATACIÓN

www.luvaverdes.com
luvasverdes@luvasverdes.com
Tels. 699 814 004 / 661 265 383

Daniel Bellón García
daniel@luvasverdes.com

Pedro David Lamas Varela
pedro@luvasverdes.com

luvas VERDES

2007



*O quarteto de música tradicional
máis laureado de Galicia volve á escena*